

“Plaquettes”

“ACEA DE AM”

En setembro de 2007, artistas, pintores, escultores, escritores e poetas que viven, senten ou traballan ao redor da Ría do Burgo, deciden xuntarse nunha tertulia de Arte en Culleredo, contando co apoio da Concellería de Cultura do Concello de Culleredo e deciden emprender accións artísticas conxuntas froito do cal nace a Colección de “Plaquettes” “ACEA DE AM”, que son exemplares manuscritos froito da conxunción do traballo realizado por un poeta e un pintor, non se sabe ben si do traballo poético sae a inspiración pictórica ou á inversa, do traballo do pintor xurde a poesía.

As “Plaquettes” son edicións limitadas a “trinta exemplares” que serán repartidos polos autores quedando depositados algúns na Biblioteca de Poesía “Uxio Novoneyra” do Concello de Culleredo e outras serán entregadas á Real Academia Galega, para o seu depósito.

As primeiras seis “plaquettes” foron emparelladas por sorteo, resultando as seguintes:

O pintor Manuel Romero co poeta Xulio López Valcárcel. Título: “*Pechar os ollos para ver*”.

O pintor Manuel Gandullo Nieves coa poetisa Eva Veiga. Título: “*Outono*”.

A pintora Isabel Pintado coa poetisa Yolanda Castaño. Título: “*Contos de fadas*”.

O pintor Tino Poza co poeta Pablo Bouza. Título: “*Os enigmas do horizonte*”.

A pintora Lola Beade co poeta Carlos Pereira. Título: “*Alfoz de amizade*”.

A pintora Gosia Trebacz co poeta Miguel Anxo Fernán Vello. Título: “*Oración en vermello e en azul*”.

O vindeiro luns día 1 de decembro ás 20:00 horas na Biblioteca “Uxio Novoneyra” da Concellería de Cultura no Pazo de Vilamelania-Vilaboa terá lugar o acto público de presentación destas seis primeiras “plaquettes” e se fará público por unha banda a intención do colectivo de continuar esta andaina e as seis próximas colaboracións de pintores e poetas que xa están seleccionados.

Este colectivo de artistas e poetas quere contribuir con accións novidasas a dinamizar a vida cultural da Comarca Coruñesa estando en estudio e discusión novos actos e accións.

Culleredo 1 de decembro de 2008

O concelleiro de Cultura

Asdo.: Celestino Poza Domínguez